



XELA, A REDEIRA

ARTESANÍA LOCAL E MAR EN IGUALDADE.

Unha historia de mulleres bravas, loitadoras e perseverantes.

XUNTA DE GALICIA E FEDERACIÓN GALEGA DE REDEIRAS ARTESÁS O PEIRAO

Idea Creativa: Ponle Cara al Turismo

Promove: Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao.

Autora: Alexandra Touza David

Revisión do contido en Galego: Xosé Lois Sío Vidal

Ilustradora: Patricia Eirín

Colaboradores: Xunta de Galicia

Non está permitida a reprodución total ou parcial deste libro, nin a venda, nin o seu tratamento informático, xa sexa electrónico, mecánico, por fotocopia, por rexistro ou outros métodos, sen o permiso e por escrito dos titulares de Copyright.

Dereitos reservados 2021, respecto á primeira edición.

O contido está rexistrado no Rexistro da Propiedade Intelectual da provincia.

PROLOGO

Durante moitos anos, a figura das redeiras permaneceu oculta nun sector coma o da pesca, no que o referente profesional sempre foi o mariñeiro.

Así e todo, o seu traballo é imprescindible para que os barcos poidan saír a pescar.

Hoxe en día, a sociedade coñece as redeiras que atan redes nos portos de Galicia, pero esta é só unha das artes –a do cerco– nas que traballan. Outras coma o enmalle, palangre ou arrastre permítelles facelo a cuberto en naves, case sempre tamén situadas nos portos da comunidade.

Galicia é a rexión que conta cun maior número de redeiras, pero tamén se atopan en portos do Principado de Asturias, Cantabria e o País Vasco.


A todas estas redeiras, galegas, asturianas, cántabras e vascas úneas o mesmo obxectivo: mellorar a súas condicións de traballo e garantir a supervivencia desta fermosa profesión.

Con este conto, a Federación Galega de Redeiras O Peirao, en colaboración coa Xunta de Galicia, quere achegar aos máis pequenos e pequenas o mundo das redeiras en Galicia. Un mundo que pasa por armar e reparar aparellos de pesca, pero que tamén ofrece outras posibilidades como a artesanía, a reciclaxe ou mesmo o turismo mariñeiro.

Permítenos amosarche a nosa profesión e non dubides en interesarte por ela cando nos vexas nalgún dos nosos portos. Podes estar seguro/a de que darás con redeiras comprometidas co seu traballo e defensoras dunha cultura mariñeira galega que non se entende sen nós.

Verónica Veres Tasende

Presidenta da Federación Galega de Redeiras O Peirao




Xela é unha redeira que vive e traballa nunha vila moi fermosa á beira do océano Atlántico, na costa galega.

Dende moi cativa xa lle gustaba o mar.

Os avós e os pais de Xela ensináronlle que respectar a natureza e os animais era moi importante, pois todo o que se cría no mar pode servir para alimentarnos.


Os océanos son unha das principais reservas de biodiversidade do mundo e por iso, temos que coidalos.





Xela sempre viviu nunha pequena e estreita casa mariñeira dende onde divisaba o mar, o horizonte e a Ría de Arousa.


De pequena pasaba tardes enteiras entre o embarcadoiro e o porto, e a súa mente viaxaba enredada nas ondas do mar, onde os seus pensamentos cobraban vida e liberdade.



A avoa e a nai de Xela sempre sentaban a rapariga no alto das redes que elas mesmas ataban, mentres as cantigas populares comezaban a nacer nas bocas das redeiras.

Xela non entendía que facían tantas horas sentadas ao sol.

Moitas veces sentían o frío e o vento do norte nas mans curtidas polo salitre.



Xela decidiu preguntarlle a súa nai Aurora...

Xela: Miña nai!, que facedes aí sentadas?

Aurora: Somos redeiras, filla!, e estamos atando as redes que veñen estragadas nos barcos despois de pescar.

Xela: E... que é unha redeira?

Aurora: As redeiras somos as artesás encargadas de confeccionar, de montar as artes e os aparellos de pesca, de reparalos e de mantelos en boas condicións.

Xela medrou vendo o mar todos os días ao despertar.

Gustáballe moito xogar coas cunchas do mar e facer colares, diademas e aneis.

Sempre soñaba con traballar na praia investigando máis de cerca a vida mariña e a costa.

Ela sabía o importante que era a reciclaxe, xa que ao pasear pola praia encontraba moitos plásticos que acababan no mar, danando así, as aves mariñas.

O aroma do mar era a súa vitamina. Facíaa invencible!

Dáballe a forza e a enerxía para conseguir todo o que se propuxese.





De moza, Xela tivo que vivir unha tempada na cidade, máis concretamente en Vigo, para poder estudar o que máis lle gustaba, que era a carreira universitaria de Ciencias do Mar.

Nela aprendeu moito sobre a vida mariña, as novas tecnoloxías, sobre innovación, emprendemento e moita creatividade.

Unha vez que regresou á vila, formouse como redeira a través dun curso de capacitación. Xela sentía que tiña que facer algo por todas esas mulleres redeiras que, coma súa nai e súa avoa, traballaban horas e horas nunhas condicións moi duras.

Para Xela era moi importante darlle valor ao traballo que facía súa nai.

Tiña que conseguir que as redeiras estivesen contentas e mellorar as súas condicións laborais.

E que mellor maneira que convidar nenas e nenos da súa antiga escola a pasar unha mañá aprendendo o oficio e paseando polo porto.

As redeiras còntanlles aos cativos que grazas á súa unión e participación nas tarefas do porto adquiriron máis empoderamento e visibilidade.

Educando, aprendendo, conséguese... grandes cambios!





Ás nenas e nenos gustoulles tanto esta experiencia que profesores doutros centros decidiron facer estas visitas.

Os turistas que chegaban á vila tamén comezaron a interesarse e querer participar nelas.

Foi tal o éxito que a Xela ocorréselle a idea de poder facer un obradoiro cos turistas para que aprendesen a facer a súa propia peza coas redes sobrantes. Unha forma moi divertida de coñecer o traballo das redeiras e levar un anaco de recordo de Galicia.

No verán, Xela leva de turismo aos veraneantes para que coñezan o traballo na nave de redeiras.

E aos turistas encántalles ver a soltura que ten coas mans e gústalles practicar os labores que ela lles encomenda.

Aurora, a nai de Xela, reconece que ser redeira é un traballo moi cansado. Tense que afrontar á choiva, á friaxe e a moitas horas de sol, mais é un traballo fermoso que lle ofrece flexibilidade e que lle permitiu ver medrar os seus fillos e traballar nun lugar, onde outros van desfrutar.






Co paso do tempo, Xela conseguiu crear con tres amigas máis unha asociación.

Sabían que as cousas se fan mellor cando se comparten e se fan en compañía.

Chamáronlle Asociación O Noso Mar, que mellor nome para darlle valor a todo o que elas defendían.

Un dos seus obxectivos é ensinarlles a súa profesión aos máis pequenos e aos turistas.



As redeiras non só desenvolven o seu labor nos portos, traballando a arte de pesca do cerco, tamén entrallan e arman dentro das naves facendo outras artes moi interesantes coma: o enmalle, o palangre e o arrastre.

Elas comezaron elaborando as redes de pesca para que os barcos de todo o mundo puidesen pescar. Máis tarde, impulsaron a diversificación do sector producindo pezas únicas con materiais de redes sobrantes, que actualmente, teñen o selo de ARTESANÍA DE GALICIA.

Estas obras de artesanía pódense encontrar nas tendas máis chic da nosa Comunidade Autónoma de Galicia e do mundo enteiro!



Cando falamos de redeiras, falamos de mulleres fortes, valentes e perseverantes.

Debido ao número de encargas e ás necesidades do barco, o traballo pode ser un pouco frenético, mais entre elas é coma unha gran familia que nunca deixa de axudarse.

Cando comeza a escurecer, as historias de antes, sobre o difícil que o tiveron as súas nais e avoas no principio da profesión, instrúen as aprendices máis novas, e xuntas pásano en grande!

A pesar do duro que é o seu traballo, as redeiras é o colectivo que menos diñeiro gaña do sector da pesca.

Elas coa forza interior que teñen sacan adiante o traballo da casa en tempo récord. Seguen coa mesma ilusión para transmitir o orgullo desta profesión e garantir un relevo xeracional tan necesario nestes tempos.

Elas, sempre elas, estiveron invisibilizadas, pero actualmente, son un colectivo forte, que reivindica o lugar que lle corresponde no sector, en pé de igualdade.





“Somos valentes, somos fortes, somos redeiras;
unha profesión invisible pero imprescindible”